- Con este obxectivo, as unidades didácticas serán introducidas de tal xeito que os propios alumnos observen e determinen os principios e conexións dos contidos fundamentais. A metodoloxía buscará que os alumnos descubran e utilicen novas ferramentas 2.0 co obxectivo de elaborar construtos alén dos tradicionais documentos de texto (imaxes dinámicas, mapas mentais, time lines, animacións, ...)
- A infraestrutura fundamental do proceso de ensino/aprendizaxe será Virtual. Para a comunicación entre o profesor e o alumno e entre os propios alumnos, empregaremos un correo de gmail, a aula virtual do centro, o blogues dos alumnos e dispositivos de almacenaxe de información tipo pendrive. Eventualmente utilizaranse outros sites que permitan publicación e edición on line, como blogues adicionais, wikis, tumblrs, vines, ... Todas as sesións lectivas serán desenvolvidas na Aula de Informática do centro, equipada con Pcs fornecidos con software libre.

8.9.- Avaliación e promoción

8.9.1.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción de alumnado

- A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos debe reunir estas propiedades:
- Ser continua, porque debe atender ao aprendizaxe como proceso, contrastando diversos momentos ou fases.
- Ter carácter formativo, porque debe ter un carácter educador e formador e ha de ser un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza como dos procesos de aprendizaxe.
- Ser integradora, porque atende á consecución do conxunto dos obxectivos establecidos para á etapa e do desenvolvemento das competencias correspondentes.
- Ser individualizada, porque se centra na evolución persoal de cada alumno

- Ser cualitativa, na medida que aprecia todos os aspectos que inciden en cada situación particular e avalía de maneira equilibrada diversos aspectos do alumno, non só os de carácter cognitivo.

8.9.2.- Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación que utilizaremos son os seguintes:

- Traballos individuais e colaborativos
- Cuestionarios on line e probas de avaliación
- Caderno VIRTUAL do profesor

8.9.3.- Procedementos de avaliación

Os procedementos de avaliación que utilizaremos son os seguintes:

- 1) Traballos individuais e colaborativos dos alumnos, que se entregarán en formato dixital ao profesor ou eventualmente serán compartidos nos sites mencionados na metodoloxía.
- 2) Cuestionarios e probas on line ubicados na Aula Virtual do curso ou en Google Classroom, dispoñibles durante un tempo definido para a resposta dos alumnos. Estes cuestionarios poderán estar baseados nos propios traballos dos alumnos ou en documentos suxeridos polo profesor (como vídeos TED, infografías, posts na rede, ...)

8.9.4.- Plan lector

Realización de lecturas en formato dixital relacionadas con contidos impartidos que permiten completar a súa comprensión, ampliación do seu vocabulario e a mellora da súa expresión, realización de actividades para avaliar a comprensión das lecturas realizadas.

8.9.5.- Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación que utilizaremos veñen recollidos na seguinte táboa:

Procedementos	Ponderación
Traballo do alumno	75%
Cuestionarios	20%
Plan lector	5%

Terase en conta as faltas de ortografía no caso de o número das mesmas sexa elevado e non mellore ao longo do curso.

Os traballos entregados deben axustarse a o que se pida en cada caso en canto a formato, presentación, data de entrega, nome dos mesmos, etc

Terase en conta a presentación sendo moi importantes marxes, sangrías, signos de puntuación, etc.

As tarefas marcadas deberán entregarse, para a súa cualificación, no prazo indicado. No caso que o profesor decida cualificar tarefas entregadas fora de prazo (sen causa xustificada), a cualificación máxima das mesmas será un 5.

8.9.6.- Cualificación en cada avaliación

O alumno aprobará a avaliación se a cualificación global nela é igual ou superior a 5 (sobre 10).

8.9.7.- Recuperacións

As avaliacións suspensas poderanse recuperar mediante un exame de recuperación posterior á sesión da avaliación e/ou a entrega das tarefas que considere axeitadas o profesor.

Considerarase aprobada a avaliación se a cualificación da recuperación e das tarefas é igual ou superior a 5

8.9.8.- Cualificación final

Para aprobar a materia será necesario obter coa media da cualificacións das tres avaliacións, un mínimo de 5 puntos (sobre 10). En caso contrario, a avaliación será negativa e terase que acudir á avaliación extraordinaria de setembro.

A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións

Os alumnos que perdan a avaliación continua terán que entregar as tarefas que considere oportunas o profesor ademais de realizar unha proba escrita en xuño.

A criterio do profesor, poderanse propoñer exames e tarefas alternativas aos alumnos co obxecto de poder subir a nota final na materia.

Considerarase avaliada negativamente calquera proba obxectiva (exame, tarefa individual ou colectiva, ...) se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, ou participara en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar os

resultados académicos, seus ou de outros, mediante procedementos deshonestos. Neste caso o profesor poderá cualificar dita proba con un cero.

8.10.- Material didáctico

Nesta materia non será necesaria a utilización de libro de texto algún, baseando a transmisión de información a través do google Classroom e da Aula Virtual e na dispoñibilidade do acceso a Internet para consultar e traballar distintas páxinas web.

10. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2022-23: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (2º BACHARELATO) – TIC II

10.1.- INTRODUCCIÓN

Ca implantación da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE) crease no currículo do segundo curso de Bacharelato a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación II, cunha carga lectiva de 3 horas semanais.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación II afonda en bloques de contidos xa inicialmente traballados en TIC de 4º de ESO e en TIC I de 1º de Bacharelato, concretamente en Programación que afonda no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, Publicación e Difusión de Contidos que analiza como sacarlle o máximo partido a tecnoloxía web 2.0 en Internet e Seguridade aspecto fundamental para poder obter o máximo aproveitamento das tecnoloxías da información e da comunicación.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor. A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de

comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

10.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

TIC II (3h/semana) 2 grupos

Contidos	Sesi3ns aval.	Aval.
<p>UD1 Programaci3n Introducci3n 3 programaci3n. Diagramas de fluxo: elementos e s3mbolos, e o seu significado. Dese1o de algoritmos con diagramas de fluxo utilizando ferramentas inform3ticas. Estructuras de almacenamento de datos. Tipos de datos. Variables, vectores e matrices. Listas, pilas e colas. Estructuras. Transformaci3n de diagramas de fluxo en pseudoc3digo ou en c3digo fonte. Programaci3n modular: m3dulos, procedementos e funci3ns. C, Python. Dese1o e realizaci3n de probas: tipos de probas e casos de proba. Depuraci3n. Optimizaci3n e documentaci3n. An3lise de c3digo e refactorizaci3n. Repositorios de c3digo e control de versi3ns. Seguridade l3xica. Tipos de ameaza e t3cnicas de vixilancia dos sistemas: protecci3n contra virus e respaldo de informaci3n. Seguridade f3sica: protecci3n f3sica das redes. Tipos de c3digo malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario.</p>	30	1 ^a
<p>UD2 Ferramentas da web (publicaci3n e difusi3n de contidos) Accesibilidade e usabilidade en internet. Que 3 internet? Fundamento t3cnico de internet: HTML, Navegadores, Servidores, HTTP, URL, IP, DNS, TCP e Routers. Como viaxa a informaci3n por internet? Ferramentas de xesti3n de contidos da web 2.0. Servizos que ofrece internet: WWW, Correo electr3nico, Foros e Chats, Transferencia de arquivos, voz sobre IP. A Web 2.0. Ferramentas colaborativas: repositorios de documentos. Blogs e wikis. Redes sociais. Caracter3sticas da web 2.0.</p>		
<p>UD3 Dese1o e edici3n de p3xinas web Linguaxes de marcaxe para a creaci3n de documentos web. A linguaxe HTML: HTML5. A linguaxe JavaScript. O CSS.</p>	30	2 ^a
<p>UD4 Seguridade inform3tica Medidas f3sicas e l3xicas de seguridade en redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorizaci3n de sistemas e an3lise de logs. Ameazas e fraudes nos sistemas de informaci3n. Seguridade activa: Certificados dixitais. A firma electr3nica. Seguridade pasiva.</p>	30	3 ^a

10.3 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. PESOS DE CUALIFICACIÓN (PC). MÍNIMOS ESIXIBLES (ME). INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (IA). RECUPERACIÓN.

Obx.	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.	P.C.	M.E.	I.A.	UDs
d g i l	B1.1. Describir as estruturas de almacenamento e analizar as características de cada unha.	TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	CD, CMCCT, CCL	11%	50%	TR,PE	UD1
b d g i l	B1.2. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións dunha linguaxe de programación.	TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	12%	50%	TR,PE	
b d g i l	B1.3. Realizar programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e aplicalos á solución de problemas reais.	TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	11%	50%	TR,PE	
		TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	11%	50%	TR,PE	
b d g i l	B1.4. Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación.	TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	11%	50%	TR,PE	
		TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	11%	50%	TR,PE	
a b d g i l	B1.5. Analizar a importancia da protección da información na sociedade do coñecemento, valorando as repercusións de tipo económico, social ou persoal.	TIC2B1.5.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE, CSC	11%	50%	TR,PE	
		TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección	CD, CMCCT, CAA, CSIEE, CSC	11%	50%	TR,PE	
		TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.	CD, CMCCT, CCL, CSC	11%	50%	TR,PE	

a b d e f g i l m p	B2.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, gráfica e multimedia, tendo en conta a quen van dirixidos e os obxectivos.	TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC, CCEC	50%	50%	TR,PE	UD2
a b d g i l m	B2.3. Analizar e utilizar as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías baseadas na web 2.0 e sucesivos desenvolvementos, aplicándoas ao desenvolvemento de traballos colaborativos.	TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.	CD, CMCCT, CCL, CSC, CCEC	50%	50%	TR,PE	
a b d e f g i l m p	B2.1. Utilizar e describir as características das ferramentas relacionadas coa web social, identificando as funcións e as posibilidades que ofrecen as plataformas de traballo colaborativo.	TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC, CCEC	100%	50%	TR,PE	UD3
a b d g i l	B3.1. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións en internet e na xestión de recursos e aplicacións locais.	TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC, CCEC	50%	50%	TR,PE	UD4
b d g i l	B3.2. Utilizar contornos de programación para deseñar programas que resolvan problemas concretos.	TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	50%	50%	TR,PE	

- As tarefas entregadas fora de prazo terán unha nota máxima de 5 puntos
- Os mínimos exigibles (**M.E.**) son do 50% para todos os estándares.
- En base ós **M.E.**, requiriranse 5 puntos (cualificacións de 0 a 10) para dar por conseguidos os obxectivos do estándar correspondente.
- Superados todos os estándares da avaliación correspondente, a avaliación será a media ponderada segundo os pesos de cualificación (**P.C.**) especificados na táboa correspondente. O aprobado é con un mínimo de 5 na avaliación.

- A media final será a media aritmética de todas as avaliacións. Haberá recuperacións antes da avaliación final ordinaria ou senón en recuperación antes do ABAU. A recuperación da avaliación previa, poderá levarse a cabo durante a seguinte avaliación.

10.4 METODOLOXÍA

Tras a detección de coñecementos previos, a estratexia para comezar a impartir os temas será expositora, coa explicación dos aspectos teóricos fundamentais de cada unidade e a realización dunhas prácticas sinxelas polos alumnos para asimilar os contidos. Tras esta fase inicial a metodoloxía será inminentemente práctica, os alumnos levarán a cabo unhas actividades mais complexas e globais con aplicación reais nas que utilizarán o aprendido previamente.

Cando se observe na detección de coñecementos previos que algún grupo xa ten un nivel medio-avanzado do tema, se lles plantexará actividades de máis nivel que o resto da clase para non perder a súa motivación.

12. AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXISIBLES.

12.1 AVALIACIÓN INICIAL. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.

O comezo do curso realizarase unha avaliación inicial grupal. Con ela trataremos de establecer o punto inicial do que partimos. Os obxectivos desta avaliación inicial serán:

- ✘ Establecer o nivel de coñecementos previos do grupo. Isto permitiranos adaptarnos ás necesidades que ten o grupo e axudarnos a facer unha programación de aula específica para o grupo.

- ✘ Detectar posibles carencias individuais que despois poidan ser tratadas de forma específica mediante medidas de reforzó ou atención individualizada.
- ✘ Dispoñer de datos e informes para as sesións de avaliación inicial que se fan a principio de curso no centro.

Para a realización desta avaliación inicial empregaranse os seguintes **instrumentos**:

- ✘ Proba escrita tipo test con preguntas simples e claras sobre os distintos contidos que queremos avaliar.
- ✘ Entrevista colectiva e informal co grupo. Mediante un coloquio que xere un “feedback” entre alumnado e profesor/a.
- ✘ Actividades realizadas ata o momento da avaliación inicial realizada no centro.

Independentemente desta proposta, o profesor/a poderá utilizar outros instrumentos que considere para a realización da avaliación inicial.

12.2 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

12.2.1 TECNOLOXÍA 2º ESO

Os instrumentos empregados para a avaliación dos alumnos, e o seu peso no resultado final, serán os seguintes:

- Probas escritas(45%)
- Traballo diario na clase, traballos a entregar.....(20 %)
- Realización dos proxectos prácticos no taller (20%)
- Realización de traballos e probas de informática (15 %)

Se por algunha razón xustificada, durante unha avaliación, non se puidese realizar traballo práctico ou empregar calquera dos instrumentos citados anteriormente, a porcentaxe pasaríase a considerar dentro do punto de probas escritas e de traballo diario de xeito proporcional.

Con carácter xeral para todas as materias da ESO, para a realización de **probas escritas** considérase a posibilidade de facer o deseño de **dous modelos** de proba de distinta dificultade. A valoración será diferente para cada unha delas, pois dependendo da proba elixida, poderase optar a notas máximas diferentes. Deste xeito, alumnos con dificultade especial nesta materia, sobre todo alumnado estranxeiro con dificultades no idioma, poderán superala atendendo aos contidos mínimos.

Para poder aprobar a materia será obrigatorio ter aprobadas as tres avaliacións. A nota final será a media das notas correspondentes ás tres avaliacións. Se non se supera o mínimo en 3 ou 4 dos 6 apartados a nota será como máximo un 2.

Atendendo ao seu propio criterio, o profesor/a correspondente de cada grupo poderá realizar probas de recuperación ao alumnado con algunha avaliación suspensa. O alumno/a deberá recuperar todas as avaliacións suspensas.

Os alumnos que non acaden os contidos mínimos esixidos deberán examinarse por escrito de toda a materia na convocatoria de setembro, quedando ao criterio do Departamento se, nalgún caso, é preciso ademais realizar algún tipo de traballo práctico.

12.2.2 PROCEDIMIENTOS DE EVALUACIÓN.

Os procedementos seguidos en xeral para todos os cursos son os seguintes:

OBSERVACIÓN: É unha valoración ó longo de todo o curso, sobre a adquisición de contidos, dominio de procedementos ou manifestación de condutas, que se ve a través de:

- **Caderno do profesor**, dónde ademáis das fichas de rexistro e control de faltas, que atenden o alumnado individualmente, inclúese un diario de aula, donde recoller os contidos traballados a diario, ata as actividades, datas de exámenes, observacións, materiais empregados, etc.
- **Traballo diario**, Neste apartado o profesor revisa ao comezo da clase se realizou ou non os deberes. Pasa un por un e pon a nota no caderno do profesor.
 - Se realizou os deberes: 10 puntos.
 - Se realizou os deberes a medias: 5 puntos.
 - Se non realizou os deberes: 0 puntos.

MEMORIA DO PROXECTO: É o medio no que o grupo reflexa os pasos seguidos no proceso tecnolóxico. Consta de:

- Anteprojecto. Diseños iniciais, planificación, distribución de tarefas, lista de materiais e ferramentas.
- Proxecto. Planos, despieces, esquemas eléctricos...
- Ficha de avaliación. Contempla a autoevaluación do grupo e do proxecto.

PROXECTO CONSTRUIDO: Teráse en conta o grao de cumprimento das condicións impostas, o grao de adecuación entre o problema e a solución dada, o funcionamento, a solidez da súa construción, operadores que o compoñen, complexidade e orixinalidade dos mesmos, orixinalidade do deseño, acabado e estética do conxunto.

Para a avaliación do proxecto no seu conxunto (memoria e proxecto construído) elaboraranse **rúbricas de avaliación específicas** dependendo da natureza do proxecto plantexado.

PROBAS OBXETIVAS: Faranse regularmente de forma escrita e eventualmente de forma oral. A puntuación correspondente a cada unha das preguntas da proba figurará na propia proba ou transmitirase de forma oral en caso de que a proba se realice deste xeito.

PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS: Comprenderán traballos escritos, presentacións, webquests, ... e todos aqueles que en cada caso o profesor poida propoñer.

12.3 SISTEMAS EXTRAORDINARIOS DE AVALIACIÓN.

Aqueles alumnos que teñan suspensa unha ou máis avaliacións ó longo do curso poderán examinarse no mes de Xuño, mediante unha proba escrita extraordinaria, de todos os contidos non superados correspondentes a esta materia e nivel.

Este exame estará dividido en tres bloques (un por cada avaliación), dous bloques ou un bloque en función da materia da avaliación ou avaliacións que teña que superar o alumno/a. Para aprobar a materia é obrigatorio ter aprobados (5 puntos) os tres bloques, dos ou un según corresponda. A nota final do exame será a media das notas obtidas en cada bloque

A nota final calcularase aplicando as porcentaxes establecidas para cada materia. Nas materias nas que exista parte de taller ou prácticas, por non a ter realizado durante o curso, a porcentaxe correspondente incluírase na da proba escrita.

No caso de que un alumno desexe subir nota, este terá que facer un exame especial. Neste exame os contidos están por encima dos contidos mínimos esixibles. A nota acadada será a última acadada nesta proba de maior dificultade.

12.4 MÍNIMOS ESIXIBLES. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Tamén se considerará causa suficiente para non aprobar un comportamento que implique risco grave físico para o propio alumno ou para os demais, especialmente cando ese comportamento se produza na aula-taller.

Igualmente calquera acto voluntario ou desleixado que implique danos na propiedade dos compañeiros ou do Centro poderá implicar o Insuficiente parcial ou total segundo a gravidade da falta.

En canto os criterios de promoción o Departamento oporase á promoción daqueles alumnos que non acadaran os mínimos e, sobre todo, daqueles que abandonasen a área en cuestión

12.4.1 MÍNIMOS ESIXIBLES: TECNOLOXÍA 2º ESO

- Fases do proceso tecnolóxico. A aula-taller. Normas de seguridade.
- Materiais: a madeira e os metais. Propiedades. O proceso siderúrxico.
- Técnicas básicas para o traballo con madeira e os metais. Ferramentas e uso seguro das mesmas.
- Sistemas de representación: diédrico. Ferramentas de debuxo. Escalas. Acoutamento.
- Estructuras e mecanismos. Esforzos.
- O circuito eléctrico. Magnitudes eléctricas. Lei de Ohm. Simbología. A electricidade. O ordenador. Compoñentes. Software e sistema operativo.
- Internet. Correo electrónico.

12.5 AVALIACIÓN DE PENDENTES.

Aqueles alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior teñen dereito a realizar no mes de abril e de setembro unha proba final.

Os contidos serán os mesmos que constan na programación Didáctica do curso vixente.

Os instrumentos empregados para a avaliación dos alumnos/as e o seu peso no resultado final, serán os seguintes:

- Proba escrita (**60%**)
- Conxunto de fichas nas que o alumno, a traballará sobre os contidos de cada unidade didáctica. (**40%**)

A entrega de fichas será obrigatoria e levarán 0 puntos as non entregadas. As presentadas fora do período de tempo establecido polo profesor, poderá ser motivo de anulación do seu contido.

Tanto a entrega de fichas do profesor ó alumno para a súa realización e as correxidas, como a entrega desas mesmas fichas do alumno ó profesor para a súa corrección serán firmadas en todo caso polo alumno implicado indicando en cada caso a data na que se fai a entrega de tales actividades.

Aqueles alumnos con necesidades educativas específicas que teñan a materia pendente do curso ou cursos anteriores teñen dereito a entregar un conxunto de fichas nas que o alumno, traballará sobre os contidos de cada unidade didáctica, as fichas terán dereito a entregalas en dúas datas sendo a última data de entrega a finais de marzo. Se seguira suspensa en xuño, no mes de setembro terían dereito a unha proba escrita final pero sempre tendo en conta as súas dificultades.

13 MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS.

Os libros de texto que se empregarán son:

- **2º ESO:** Edixgal

Outros recursos a empregar son:

- Materiais e ferramentas propios do taller nas materias da ESO.
- Ordenadores conectados á rede para desenvolver os contidos informáticos ou realizar actividades diversas.

- Material adicional en fotocopias ou fichas.
- Canón de video, video e TV e vídeos/DVD's educativos.
- Aula virtual. Google Classroom.

14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dada a actual situación sanitaria por mor da pandemia do COVID 19 non plantexamos ningunha saída, limitarémonos sempre que sexa posible á realización dalgún taller ou dalgunha ponencia no propio centro de ensino.

15 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Neste Centro non se contemplan medidas especiais de reforzo nin fóra nin dentro da aula de Tecnoloxía, porque se reserva, por limitacións no número de docentes e de tempo, para as denominadas áreas instrumentais.

Nembargantes, o Departamento intentará dentro das súas posibilidades atender á diversidade coas seguintes medidas:

- Colaboración co Departamento de Orientación na realización de A.C.I. para aqueles alumnos que o precisen.

En caso de ter que realizarse algunha A.C.I. éstas serán elaboradas polos seus profesores atendendo ás necesidades, coñecementos e posibilidades de cada alumno. Co cal fará un seguimento e unha atención personalizada facendo así posible que os alumnos poidan adquirir os contidos e coñecementos mínimos e adaptados a eles.

- Emprego de material didáctico adicional.
- Atención personalizada, dentro das posibilidades de cada momento, ós alumnos que o precisen.

- Para alumnos con déficit de atención e déficit auditivo terase en conta que haberá que proporcionarlles máis material cando se trate de exercicios falados ou cando teñan que copiar algo.
- Para alumnos con problemas de mobilidade faranse as oportunas modificacións nas actividades de taller atendendo ás súas peculiaridades.
- Atención Hospitalaria: No caso de ter un alumno que non poidese asistir á clase por ter problemas de enfermidade. O profesor encargarse de ir entregando o titor as unidades, exercicios a realizar e outros traballos para que llos dé a familia. As unidades serán entregadas de unha en unha, esperando sempre que señan devoltas cos exercicios feitos para correxilos o profesor, mentres non se entreguen feitos no de dará a seguinte unidade. Farase unha proba por unidade para así facilitarlle o estudo. Non será necesario que faga un proxecto pois é totalmente imposible asistir a taller, salvo que se empeñe a alumna e para non provocar desánimo permitiremos que o faga.

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A inclusión e adaptación dos distintos temas transversais dentro da Área de Tecnoloxía debe estar presente en todos os niveis onde se imparte

esta área. Vexamos a serie de temas transversais e algunhas pautas sobre cada un deles:

- ✘ **Educación ambiental:** É un dos temas máis afíns ó propio currículo da asignatura. Dende a nosa área deberemos expoñer en todos os temas os problemas de contaminación ambiental asociados ós cambios tecnolóxicos. Ser críticos con estes cambios, vendo o lado positivo, pero tamén os novos problemas, o lado negativo. Expoñer e fomentar o reciclaxe e a sustentabilidade como posibles solucións paliativas ó problema.

- ✘ **Educación para a Paz:** Expoñer a importancia dos avances tecnolóxicos no eido militar e como poden axudar e/ou perxudicar ás relacións internacionais. Fomentar o traballo colaborativo, o respecto ás ideas dos outros, apoiar ós menos capacitados no desenvolvemento dos proxectos tecnolóxicos.
- ✘ **Educación para o Consumo:** Fomentar un consumo racional, sobre todo no eido da enerxía, tan ligada á nosa área. Tamén facer unha reflexión sobre o uso e abuso das explotacións naturais para a obtención de materiais.
- ✘ **Educación Vial:** Facer fincapé nos novos avances tecnolóxicos nos automóbiles. Fomentar o uso deles para mellorar a nosa seguridade e a dos demais: cinto de seguridade, casco, airbag, abs e outros.
- ✘ **Educación para a igualdade:** Non hai mellor plataforma para fomentar a igualdade de sexos que esta, que tradicionalmente foi un coto machista. Podemos, dende estas idades fomentar a igualdade de condicións en ambos sexos para o desenvolvemento tecnolóxico. O traballo en grupos mixtos é moi recomendable para unha normalización cultural igualitaria.
- ✘ **Educación para a Saúde:** Analizar criticamente aqueles avances tecnolóxicos que provocaron directa ou indirectamente problemas de saúde. Tamén tratar aqueles avances que xeraron cambios sociais que derivan en problemas de saúde. É importante, sobre todo, aqueles que afectan máis directamente ó alumnado, como por exemplo, problemas de sedentarismo e incomunicación e falta de relacións persoais derivados das novas TIC.
- ✘ **Educación para a Sexualidade:** Aínda que aparentemente non é unha área moi idónea para tratar este tema, non debemos esquecer que se trata das relacións persoais de parella, e as novas TIC son unha plataforma para tratar os novos hábitos de relación de parella na nosa xuventude.
- ✘ **Educación Cívica e Moral:** Fomentar nas clases de Tecnoloxía e en particular na aula-taller, as boas formas e maneiras, o compañerismo e socialización formal é un tema transversal de uso diario.

17. INTERDISCIPLINARIDADE.

A materia de Tecnoloxía está relacionada coas de ciencias polos contidos que teñen en común sobre materiais, produción de enerxía e as consecuencias que a actividade tecnolóxica ten sobre o medio ambiente. Con física e química no estudo do funcionamento dos mecanismos, de circuítos eléctricos e o comportamento de estruturas. Coa área de plástica porque tamén se estuda o uso de ferramentas ou instrumentos manuais e virtuais para a realización de bosquuxos e debuxos delineados. Coas áreas de lingua porque usamos a linguaxe escrita e oral. Coa área de educación física porque no taller e coas ferramentas manuais seguimos unhas normas e exercitamos os músculos.

18. PLAN LECTOR.

En relación co Proxecto Lector, as actividades que se desenvolverán son:

- Lectura dos contidos teóricos incluídos no libro de texto que se tratan nas clases.
- Análise do vocabulario descoñecido dos textos anteriores.
- Lectura de textos específicos relacionados con temas de actualidade, curiosidades... do mundo da Tecnoloxía, e resolución de cuestións sobre eles para facilitar a súa comprensión.
- Lecturas online de artigos de interés en periódicos, revistas,...
- Participación no programa “ Prensa escola “ (La Voz de Galicia).
- Participación no concurso “ El país de los estudiantes”
- Libros recomendados para 2º:
 - “2083” Autor: Vicente Muñoz-Puelles. Colección Periscopio. Ed. Edebé
 - “ El diablo en el túnel” Autora: Assumpta García Más. Colección Periscopio. Ed. Edebé

As actividades realizadas no tempo adicado ao Plan lector avaliaráanse, obtendo unha nota máxima de 0,2 puntos que se sumarán á

nota final da avaliación que obteña o alumnado.

19. PLAN TIC.

Como xa é sabido, a materia de Tecnoloxía na ESO ten unha parte de contidos informáticos incluídos no currículo. Polo tanto traballando eses contidos fomentárase a adquisición de habilidades nese campo.

Ademais, en todas as materias impartidas no departamento potenciarase o emprego das TIC do seguinte xeito:

Alumnado:

- Procura de información de contido tecnolóxico a través de Internet.
- Utilizar diferentes programas informáticos para a realización de actividades diversas: presentacións de traballos, realización de presupostos dos proxectos que se fagan no taller...
- Intercambiar información e participar en proxectos tecnolóxicos presentándoos en formato web, explicando as súas experiencias.

Profesorado:

- Publicación de material de contido tecnolóxico na web do centro.
- Publicación de contidos para todos os cursos na aula virtual do centro.
- Exposición de contidos empregando algún recurso TIC: Power Point, canón de vídeo, TV.

20. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

No que se refire a avaliación do Proceso de Ensino e a Práctica Docente estableceremos os seguintes indicadores de logro:

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller. • Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe • Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. • Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller. • Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos. • Fomenta un bo ambiente na aula-taller. • Promove a participación activa do alumnado. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. • Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. • Resolve as dúbidas do alumnado. • Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir MELLORAS. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

Ademais, ao final de curso elaborárase unha Memoria Final onde se recollan as impresións deste curso e as recomendacións de mellora para a elaboración da Programación do vindeiro curso.

21. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación didáctica foi feita para o presente curso baseándose e mellorando programacións de anos anteriores. Cando remate o curso, e tamén durante o mesmo, deberemos facer unha valoración da propia programación, que nos axudará a mellorar as de vindeiros cursos.

Para levar a cabo esta avaliación e modificación da programación, o Departamento establece unha serie de indicadores ou mecanismos de control:

- ✘ Levaremos control de posibles desfases na temporalización das actividades, ou actividades que polos malos resultados sexan susceptíbeis de melloras.

- ✘ Ó rematar o curso, todos os membros do Departamento elaboran unha memoria final, que se entrega nun so documento á dirección. Nesta memoria o profesorado, entre outros puntos fará constar o grado de satisfacción coa programación e as posibles melloras que se poden realizar na mesma.
- ✘ Xefe de Departamento recollerá nas actas das sesións de reunións posibles fallos ou melloras na programación, e a final de curso recopilará todos estes datos coa intención de aplicalos á programación do curso seguinte.

22. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.

Na primeira sesión do curso, o profesor/a correspondente informará ao alumnado de cada un dos seus grupos sobre a existencia da programación didáctica.

Fará unha exposición breve dos tipos de contidos que se desenvolverán en cada avaliación e dos procedementos e criterios de cualificación que se seguirán para a avaliación de cada un deles/as.

Tamén se lles informará de que a programación ten certa flexibilidade e que, para atender ás necesidades do grupo, poderanse facer algunhas modificacións (como por exemplo na orde dos contidos) a medida que se vaia desenvolvendo o curso.

Finalmente, o alumnado deberá saber que pode consultar a programación, pois calquera dos/as profesores/as que imparten materias do departamento teñen no seu correo a programación e enséñana cando un/ha alumno/a o solicite, tamén está presente en Dirección. Ademáis de poder consultar en calquera dos dous talleres os mínimos esixibles, procedementos de avaliación e criterios de cualificación.

23. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

As familias serán informadas no relativo á programación didáctica basicamente a través de dúas vías:

1. Mediante a publicación na páxina web do centro da programación do departamento ou dun resumo da mesma.
2. Mediante entrevista co profesor/a do seu fillo/a na hora de atención a país que éste ten asignada ben por correo electrónico ben por vía telefónica.

24. PLAN DE CONVIVENCIA.

A lei 4/2011, do 30 de Xuño, de Convivencia e participación na Comunidade Educativa, incide na necesidade de manter un clima de convivencia e armonía nos centros educativos, baseado no respecto mutuo, pero tamén en promover valores, actitudes e prácticas que permitan unha mellor convivencia escolar.

No IES Punta Candieira considerouse necesario desenrolar un programa de convivencia para incidir de maneira positiva na relación entre todos os membros de dita comunidade educativa. Ten un plantexamento previo, que busca dar resposta a aspectos como os seguintes:

- Condutas e comportamentos contrarios ás normas dentro da aula.
- Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares.
- Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumno con problemas de conduta.

Para que todo o anterior poida realizarse puxéronse en marcha unha serie de actuacións como son:

- A creación dunha aula de convivencia, entendida como unha estratexia organizativa para unha posible resolución do conflito. Neste senso, este debe ser un espazo de reflexión, de traballo e de observatorio da convivencia.
- Actividades enmarcadas dentro das horas de titoría, para o desenrolo persoal da persoa.

- Programas de habilidades sociais, elaborado dende o departamento de Orientación para os alumnos que frecuentan a aula de convivencia.

- Os encontros familia-escola, que teñen como finalidade a colaboración entre ambos entornos.

O departamento de Tecnoloxía como parte integrante do IES Punta Candieira tamén é participe deste plan, anque non de xeito directo, sí colaboramos, dende as nosas clases, titoríase reunións co departamento de Orientación, nunha serie de actuacións encamiñadas a unha mellora da convivencia.

25. BIBLIOGRAFÍA.

-Tecnoloxías I, Tecnoloxías II e Tecnoloxía 4º ESO, Editorial Oxford.

-Tecnoloxías 2, Tecnoloxías 3 e Tecnoloxía 4, Editorial Anaya.

-Tecnoloxías 2º, 3º e 4º de Everest.

-Tecnoloxías 2º, 3º e 4º de Akal.

-Tecnoloxías 2º,4º . Proyecto- Saber Hacer-. Editorial Santillana.

-Diario Oficial de Galicia.

26. ANEXO: TÁBOA DE UNIDADES DIDÁCTICAS SECUENCIADAS POR TRIMESTRES EN 2º ESO.

2º ESO	
AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS
1ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - O proceso tecnolóxico - Debuxo - Materiais e madeira
2ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Metais - Estruturas - Mecanismos e máquinas
3ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Electricidade - O computador

Fírmase e entrégase esta Programación en Cedeira, a 19 de Setembro de 2022

A Xefa de Departamento

Purificación Trinquete Lorenzo